

A Concellaría de Cultura do Excmo. Concello de Ourense, convoca un concurso de deseño dos carteis anunciadores das actividades culturais que se programan con periodicidade anual, de acordo coas seguintes

### **BASES**

- 1.- O tema será de libre elección, dentro dos motivos característicos de cada acto que se pretende anunciar e **aparecendo sempre** a lenda **Concellaría de Cultura** así como o **escudo oficial da Tenencia de Alcaldía**.
- 2.- O cartel deberá estar confeccionado en sentido vertical, 70 cm de altura por 50 de ancho, incluídas as marxes se as tivese. A execución será a base de seis tintas, como máximo, nas súas diferentes gamas, podendo empregar xerografías, adhesivos, etc, que redunden na maior perfección e sempre que se poidan utilizar na reprodución litográfica.
- 3.- Os traballos deberanse presentar sen sinatura e montados nalgún tipo de soporte, así como achegar nun sobre pechado os datos de identificación, domicilio e teléfono do autor, que só será aberto se resulta premiado. Os restantes traballos presentados poderanse recuperar nas dependencias da Concellaría nos seguintes 30 días hábiles á data da decisión do premio, de non seren reclamados serán destruídos.
- 4.- Establécense **prazos e premios** (cos descontos que marque a lei), **para cada unha das convocatorias**, podendo declararse deserto se o xurado o considerar oportuno.
- 5.- O cartel premiado pasará a ser propiedade municipal con todos os dereitos de libre reprodución e difusión.
- 6.- O Xurado será nomeado pola Concellaría de Cultura e coñecerase a través dos medios de comunicación despois de emitida a decisión, sendo esta inapelable.
- 7.- A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

- **Entroido**

Lema: Entroido 2008 "Ourense, capital do entroido"

Prazo de presentación: luns 31 de decembro de 2007 ata as 13:00 h

Premio: 600 €

- **Maios**

Lema: Maios 2008 "Festa de interese turístico"

Prazo de presentación: luns 10 de marzo ata as 13:00 h

Premio: 600 €

- **Festival de Jazz**

Lema: XII Festival de Jazz de Primavera 2008

Prazo de presentación: luns 7 de abril ata as 13:00 h

Premio: 600 €

- **Festas de Ourense**

Lema: Festas de Ourense 2008

Prazo de presentación: luns 5 de maio ata as 13:00 h

Premio: 900 €

- **Magosto**

Lema: Magosto 2008

Prazo de presentación: luns 22 de setembro ata as 13:00 h

Premio: 600 €

Ourense, outubro de 2007